



INFORME TECNICO

EXPEDIENTE 256/2020

María Jose García Fidalgo, arquitecta municipal, en relación coa solicitude presentada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático en relación coa consulta na avaliación de impacto ambiental ordinaria no Parque Eólico Cunca promovido por Green Capital Power, S.L. (nº de rexistro de entrada 2020-E-RC-1133 de data 21 de abril de 2020), emite o seguinte:

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- 1 Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 27/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,
- 6 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,
- 7 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 8 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 9 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 10 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 11 Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- 12 Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia
- 13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 14 Ley 7/2008, de 7 de julio, de protección del paisaje de Galicia
- 15 Normas Subsidiarias do termo municipal de Vila de Cruces.
- 16 Concordantes

III. INFORME

En virtude do previsto no artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), consultase para que, de acordo coas competencias, especialización ou ámbito de actuación, se informe en relación co alcance e contidos específicos que debería incluír o estudo de impacto ambiental, sinalando

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



o tipo e grado de detalle da información ambiental que consideran necesaria, así como calquera outra observación sobre posibles alternativas de actuación, informacíons ou normas que deban ser consideradas polo promotor na redacción do estudio.

De acordo co artigo 5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, enténdese por "administracións públicas afectadas" as que teñen competencias nunha serie de materias.

Segundo a documentación achegada, o proxecto consiste na execución dun parque eólico de 22,5 MW de potencia total no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora 30/220 kV, edificio de control e unha torre meteorolólica).

Informámossle que as actuacións comprendidas no dito proxecto non supoñen unha incidencia que implique ningunha modificación **polo que non hai ningunha consideración que realizar**.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE